

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 1 DE SETEMBRO DE 2023

Ás 12:00 horas do día 1 de setembro de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 29 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración xeral, xefa do Servizo de Transportes

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia á recadación executiva (26.287-541)**

Dáse conta da resolución nº 145/2023, do 24 de agosto de 2023, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se desestima o recurso interposto por GESTIÓN DE TRIBUTOS Y RECAUDACIÓN TRIBUTARIA, S.L. contra os pregos da contratación. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 1 de setembro de 2023.

#### **b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5.162-611)**

Dáse conta da resolución nº 144/2023, do 24 de agosto de 2023, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se estima o recurso interposto por FCC AQUALIA, S.A. contra o acordo de desistencia da licitación. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 1 de setembro de 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:34	Páxina 1 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH48-5EC2D7-DE415C-SSG5M1-3SCA1V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

En cumprimento da citada resolución a Mesa, acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor sobre as proposicións avaliábeis a través de fórmula.

## 2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia á recadación executiva (26.287-541)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. UTE ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, S.A - AL TRÁFICO Y MOVILIDAD SEGURA, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 80%-20%)
  2. SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U.

### b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Urbanización da rúa Val Miñor e avenida Frago" (1.584-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
  2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
  3. COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
  4. NAROM, S.L.
  5. ORECO BALGON, S.A.
  6. ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
  7. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
  8. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
  9. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:34	Páxina 2 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH48-5EC2D7-DE415C-SSG5M1-3SCA1V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



#### 4.- Apertura da documentación técnica

##### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia á recadación executiva (26.287-541)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

##### b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Urbanización da rúa Val Miñor e avenida Frago" (1.584-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

#### 5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

##### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero na mocidade. Enlazavigo contra a violencia de xénero (12.302-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade o 29 de agosto de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

A Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade, excluír deste procedemento aos seguintes licitadores:

- FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L.: por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP ("De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos mínimos), respecto á máxima posible (45 puntos), no criterio "proxecto técnico de actividades", de tal xeito que unha puntuación inferior ao 50% resultará excluínte da licitación").
- PRISCILA TAMARA RETAMOZO RAMOS (PRISMA IGUALDAD): polo motivo previsto na cláusula 14.2B do PCAP ("A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:34	Páxina 3 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH48-5EC2D7-DE415C-SSG5M1-3SCA1V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC”).

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

## 6.- Apertura económica

### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero na mocidade. Enlazavigo contra a violencia de xénero” (12.302-224)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” do único licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo do contrato		Maior experiencia laboral da dinamizadora e da formadora para adscribir ao servizo	
		Prezo da parte fixa do contrato S/IVE	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G desta FEC (parte variable do contrato)	Experiencia laboral acreditada da persoa dinamizadora de 3 meses	Experiencia laboral acreditada da persoa formadora de 25 horas
1	XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	19.907,40 €	6,86%	si	si

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á apertura D<sup>a</sup>. Isabel Vázquez Rodríguez, en representación de FORGAL, FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L.

De conformidade co criterio recollido na cláusula 18.1b) deste prego, constátase que a oferta de XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP procede outorgarlle a máxima puntuación:

	Licitador	Redución do prezo do contrato		Maior experiencia laboral da dinamizadora e da formadora para adscribir ao servizo	
		Redución do prezo da parte fixa do contrato	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G desta FEC (parte variable do contrato)	Experiencia laboral acreditada da persoa dinamizadora de 3 meses	Experiencia laboral acreditada da persoa formadora de 25 horas



**Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO  
DE VIGO**



1	LICITADOR	Redución do prezo do contrato		Maior experiencia laboral da dinamizadora e da formadora para adscribir ao servizo	
		30 puntos	5 puntos	10 puntos	10 puntos
	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.				
Puntuación total				55 puntos	

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a que segue:

1	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	43,75 puntos	55 puntos	98,75 puntos

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (resolución da Alcaldía do 21 de xuño de 2023 e acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 1 de setembro de 2023:

- FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L.: por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP (“*De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos mínimos), respecto á máxima posible (45 puntos), no criterio “proxecto técnico de actividades”, de tal xeito que unha puntuación inferior ao 50% resultará excluínte da licitación*”).
- PRISCILA TAMARA RETAMOZO RAMOS (PRISMA IGUALDAD): polo motivo previsto na cláusula 14.2B do PCAP (“*A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC*”).

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero na mocidade. Enlazavigo contra a violencia de xénero” (12.302-224) na seguinte orde descendente:

1	Licitador	Puntuación total
	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	98,75 puntos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:34	Páxina 5 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH48-5EC2D7-DE415C-SSG5M1-3SCA1V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (B-27.762.681), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

## **7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Conservación e mellora da cuberta do pavillón de Coia” (1.592-441)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de Investimentos do 28 de agosto de 2023 sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con JUSTO ROMAN, S.L. por canto a súa oferta está incurso en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

### **b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira” no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU (11.183-307)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico e o xefe da Área de Investimentos do 28 de agosto de 2023, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con CIVIS GLOBAL, S.L.U. por canto a súa oferta está incurso en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

### **c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría sobre o transporte urbano colectivo (3.896-449)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Transportes e o xefe da Área de Investimentos do 29 de agosto de 2023, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade, así como o informe que corrixe o anterior de data 31 de agosto. Á



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:34	Páxina 6 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH48-5EC2D7-DE415C-SSG5M1-3SCA1V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



vista do segundo dos informes, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

	Baixa ofertada
AIE MULTICRITERI - MCRIT	29,61 %
UTE CONSULTORA ALOMON, S.L. - TEKIA INGENIEROS, S.A.	24,94 %
UTE INGARTEK CONSULTING, S.L. - CENTRO DE ESTUDIOS EN TRANSPORTES Y MOVILIDAD, S.L.	25,03 %

#### 9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

##### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa "Vigo en Festas" (9.706-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 25 de agosto de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación, así como o informe que corrixe o anterior de data 29 de agosto de 2023. A Mesa acepta, por unanimidade, o segundo informe.

#### 10.- Propostas de clasificación/clasificación

##### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa "Vigo en Festas" (9.706-335)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (resolución da Alcaldía do 21 de xuño de 2023 e acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 23 de agosto de 2023 de exclusión de BARAFUNDA, S.L. do lote 1 e de BIGLAB S.L.U. do lote 5, por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido na cláusula 16A do PCAP ("Na valoración deste criterio, de conformidade co disposto no artigo 146.3 da LCSP, o umbral mínimo de puntuación que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de 22,50 puntos").



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:34	Páxina 7 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH48-5EC2D7-DE415C-SSG5M1-3SCA1V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa "Vigo en Festas" (9.706-335) na seguinte orde descendente:

LOTE 1 ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DE GRUPOS MUSICAIS

	Licitador	Puntuación total
1	BIGLAB, S.L.U.	89,00 puntos

LOTE 2 ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DE GRUPOS DE BAILE

	Licitador	Puntuación total
1	VIGO POR LA DANZA	77,50 puntos

LOTE 3 ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DE BANDAS DE MÚSICA POPULAR

	Licitador	Puntuación total
1	FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO	72,50 puntos
2	BIGLAB, S.L.U.	50,00 puntos

LOTE 4 ACTUACIÓNS MUSICAIS E ACTIVIDADES INFANTÍS

	Licitador	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	99,00 puntos

LOTE 5 PASARRÚAS CON MÚSICA

	Licitador	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	85,00 puntos

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, BIGLAB, S.L.U. (B-36.892.404) (lote 1), VIGO POR LA DANZA (G-01.905.975) (lote 2), FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (G-36.855.906) (lote 3) e BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402) (lotes 4 e 5) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:34	Páxina 8 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH48-5EC2D7-DE415C-SSG5M1-3SCA1V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Área de  
**CONTRATACIÓN e  
 NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE  
 SEGURIDADE,  
 CONTRATACIÓN, FESTAS E  
 XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO  
 DE VIGO**



## 11.- Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar no lote 1 deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301) (lote 1)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 20 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, das actividades formativas nas instalacións municipais do "Centro de Formación" da Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, na rúa Alta nº 23, que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 5), as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 31 e 30), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 32), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 27.03.2023 (trámite n.º 50), o documento económico emitido polo Servizo de Contabilidade (trámite n.º 18) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.*

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato (162.000€), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.2270611 "DUSI, OT9, LA 19, FORMACIÓN, RISCO EXCLUSIÓN".*

*TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista".*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:34	Páxina 9 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH48-5EC2D7-DE415C-SSG5M1-3SCA1V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía do 19.06.2023 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 22.06.2023), o 11 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Aceptar as xustificacións das baixas con valores anormais ou desproporcionados presentadas por CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L. (lote 1) e NT FOR LEARNING, S.L. (lote 2).*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301) (lotes 1 e 2) na seguinte orde descendente:*

*- Lote 1 "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (repertorio nacional de certificados)":*

<b>Orde</b>	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	MAGNAFOR QUALITAS, S.L.	87,26 puntos
2	CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L.	84,50 puntos
3	FORGA	84,32 puntos
4	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	83,08 puntos
5	UTE NORFORMACIÓN, S.L. - NAVUXIL, S.L.	67,22 puntos

*- Lote 2 "Redución da brecha dixital a través do smartphone para persoas en situación ou risco de exclusión social, no Concello de Vigo, no marco das competencias dixitais para a cidadanía DigComp 2.2. (Marco da UE para desenvolver e medir a competencia dixital)":*

<b>Orde</b>	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	NT FOR LEARNING, S.L	92,50 puntos
2	FOROX INNOVACIÓN, S.L.	83,28 puntos
3	ADECCO FORMACIÓN, S.A.U.	82,53 puntos
4	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	71,83 puntos



Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



Orde	Licitadores	Puntuación total
5	FUNDACIÓN ESPLAI CIUDADANÍA COMPROMETIDA	48,67 puntos

*Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar los lotes 1 e 2, MAGNAFOR QUALITAS, S.L. (B-36.565.679) (lote 1) e NT FOR LEARNING, S.L (B-15.549.413) (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que para o lote 1 deberá acreditarse a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Este proxecto é susceptible de cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 1, MAGNAFOR QUALITAS, S.L., o día 21 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida os días 28 e 31 de agosto, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 1 de setembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MAGNAFOR QUALITAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:34	Páxina 11 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH48-5EC2D7-DE415C-SSG5M1-3SCA1V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MAGNAFOR QUALITAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 27 de xuño e 13 de xullo de 2023, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a MAGNAFOR QUALITAS, S.L. (B-36.565.679) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo máximo do lote é de 81.000,00 euros (exento de IVE), cunha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 48%.*

b) *Propón o establecemento de sistemas de seguimento:*

- Establecemento de enquisas sobre a formación impartida ó remate de cada módulo*
- Establecemento de enquisas sobre as titorías realizadas*
- Establecemento de enquisas sobre as prácticas profesionais realizadas*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**b) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo (21.174-240)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:34	Páxina 12 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH48-5EC2D7-DE415C-SSG5M1-3SCA1V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo (21.174-240)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 14 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación urxente, dunha póliza de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autónomos.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Xefatura de Área de Xestión patrimonial e territorial 08.06.2023.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 06.06.2023.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación de SETECENTOS MIL EUROS (700.000 €), a financiar con cargo a aplicación orzamentaria 9200.2240000 e a súa bolsa de vinculación xurídica, e consonte a seguinte distribución por anualidades:*

Anualidades	Importe
2023	350.000 €
2024	350.000 €

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:34	Páxina 13 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH48-5EC2D7-DE415C-SSG5M1-3SCA1V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía do 19.06.2023 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 22.06.2023), o 23 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Aceptar a xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por AXA SEGUROS GENERALES, S.A. neste procedemento, en base ao informe emitido polo xefe do Servizo de Patrimonio o 18 de agosto de 2023.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo (21.174-240) na seguinte orde descendente:*

<b>Orde</b>	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS	98,57
2	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	25,01

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-60.917.978), para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, o día 24 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida os días 30 e 31 de agosto, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 1 de setembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:34	Páxina 14 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH48-5EC2D7-DE415C-SSG5M1-3SCA1V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 18 de agosto de 2023.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adjudicar a AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-60.917.978) o procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo (21.174-240) coas seguintes condicións:*

1. *Propón como prima anual do seguro 507.599,83 euros (exento de IVE).*
2. *Propón unha redución do importe da franquía sobre o mínimo establecido na cláusula 10 do PPT de 3.000 euros.*
3. *Propón un incremento nos límites e sublímites sobre o mínimo establecido na cláusula 8 do PPT:*

Límite/Sublímite	Incremento
Límite de indemnización por sinistro e ano	5.000.000



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:34	Páxina 15 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH48-5EC2D7-DE415C-SSG5M1-3SCA1V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

(5.000.000 €) para cada unha das garantías do PPT (esta ampliación non afectará a aquelas garantías que teñan establecido un sublímite por sinistro e ano no PPT inferior)	
Sublímite de indemnización por vítima para as garantías de responsabilidade civil patronal e cruzada (600.000 €)	600.000 €

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a persoas emprendedoras e PEMES (19.881-77)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Lémbrese que o 18 de agosto de 2023 se notificou a resolución de clasificación á UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L., por ser o licitador clasificado en primeiro lugar, co requirimento da documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP. O licitador presentou a documentación requirida o 30 de agosto de 2023, dentro do prazo concedido.

Á vista da documentación presentada, a secretaria da Mesa solicitou informe ao servizo xestor sobre a acreditación dos criterios avaliábeis mediante fórmula, esixida no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local de data 1 de setembro de 2023 sobre a acreditación pola primeira clasificada dos criterios avaliábeis a través de fórmula.

Á vista do referido informe e, tras a análise da documentación presentada polo licitador, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de 3 días á UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L. para que poida emendar a documentación acreditativa dos criterios avaliábeis a través de fórmula segundo o esixido no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP, dando traslado do informe asinado o 1 de setembro de 2023 pola técnica de Xestión e a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

**d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:34	Páxina 16 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH48-5EC2D7-DE415C-SSG5M1-3SCA1V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO  
DE VIGO**



Lémbrese que o 25 de agosto de 2023 se notificou a resolución de clasificación a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U., por ser o licitador clasificado en primeiro lugar, co requirimento da documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP.

O licitador presentou a documentación requirida o 30 de agosto de 2023, dentro do prazo concedido.

Tras a análise da documentación presentada polo licitador, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de 3 días a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. para que poida completar a acreditación da habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP:

1. Certificación do Ministerio del Interior de inscrición no Rexistro nacional de Seguridade privada ou no Rexistro Autonómico correspondente á autorización de actividade na planificación e asesoramento das actividades de seguridade contempladas na lei.
2. Autorización administrativa específica como empresa instaladora e mantedora de sistemas contra incendios.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:34	Páxina 17 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH48-5EC2D7-DE415C-SSG5M1-3SCA1V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		